**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA**
**celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL**
**o 28 de OUTUBRO de 2016**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 28 de outubro de 2016, ás DOCE HORAS.

**ASUNTOS**

*Declaración institucional sobre a empresa EXTEL

*Declaración institucional sobre a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galicia

**Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/16, do 30 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 22551 ata a número 24800, de 2016.

**Comisión de Cultura e Normalización Lingüística**

3.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" para financiar a Semana da música ao vivo 2016 e aprobación do correspondente convenio.

4.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar a XIV edición dos Premios Mestre Mateo e aprobación do correspondente convenio.

5.-Aprobación do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para financiar a programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2016.

**Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

6.-Aprobación da entrega ao Concello de Ponteceso das instalacións de abastecemento de auga situadas na finca propiedade da Deputación Provincial da Coruña denominada de "Balarés" (Ponteceso).

**Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente**

7.-Aprobación provisional do proxecto modificado da obra "Urbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao PK 11,310" do Concello de Carral, incluída na primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, código 15.1130.0001.0.

8.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2016, quinta fase.

9.-Aprobación da 1ª fase do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016.

**Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico**

10.-Aprobación da 2ª modificación das Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 no relativo ao prazo de devolución do préstamo provincial.

11.-Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 no relativo ao prazo de devolución do préstamo provincial.

12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento da obra de "Acondicionamento de lavadoiro na rúa Río Quenxe".

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso para o financiamento da obra de "Reforma de accesos a vestiarios e vestiarios de equipo local e árbitro do campo de fútbol municipal Lino Balado".

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Teo para o financiamento da obra de "Mellora de accesibilidade en diversos puntos do Concello de Teo".

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar para o financiamento da obra de "Proxecto de mellora de camiños de Campo da Feira-Arceo, Ponte Faxilde, Opa-Orga e outros".

**Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

16.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de setembro de 2016 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e 30 de setembro de 2016.

17.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30.09.2016 e proxección a 31.12.2016.

18.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao terceiro trimestre de 2016 na Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

19.-Aprobación do expediente de modificación de crédito número 4/2016 de aprobación polo Pleno.

20.-Modificación das bases e criterios de distribución da produtividade establecidos polo Acordo Plenario do 27 de novembro de 2014.

21.-Sistema de avaliación do desempeño e cumprimento de obxectivos. Bases e criterios do complemento de produtividade.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción dos Grupos provinciais de Marea Atlántica e Compostela Aberta sobre a instalación de vertedoiro de residuos industriais promovida por Gestora de Residuos del Noroeste S.L. no concello de Lousame.

-Moción dos Grupos provinciais de Marea Atlántica e Compostela Aberta para a paralización da LOMCE e as reválidas.

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE OUTUBRO DE 2016**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de outubro de 2016, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO PSOE

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:**

| | |
|---|---|
| D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ | PP |
| D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ | PP |
| Dª. CLAUDIA DELSO CARREIRA | MAREA ATLÁNTICA |
| D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO | MAREA ATLÁNTICA |
| D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA | PP |
| D. MANUEL DIOS DIZ | COMPOSTELA ABERTA |
| D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO | PSOE |
| Dª Mª ROCÍO FRAGA SÁENZ | MAREA ATLÁNTICA |
| Dª. Mª ÁNGELA FRANCO POUSO | BNG |
| D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL | PP |
| Dª ROSA Mª GALLEGO NEIRA | PP |
| D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO | PP |
| D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA | PSOE |
| Dª. SUSANA GARCÍA GÓMEZ | PP |
| D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES | PSOE |
| D. ANGEL GARCÍA SEOANE | ALTERNATIVA VV. |
| D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS | PP |
| D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO | PSOE |
| D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN | BNG |
| D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO | PP |
| Dª MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ | PP |
| D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA | PP |

| | |
|---|---|
| D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS | PSOE |
| D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO | PSOE |
| D. XOSÉ REGUEIRA VARELA | BNG |
| D. MANUEL RIVAS CARIDAD | PP |
| D. LUIS RUBIDO RAMONDE | PP |
| D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO | PSOE |
| Dª. Mª GORETTI SANMARTIN REI | BNG |
| D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO | BNG |

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supevía, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e quince minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Moi bo día, empezamos esta sesión ordinaria de pleno con dúas declaración institucionais.
.

Sr. Secretario

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A EMPRESA EXTEL**

A empresa Extel, grupo Adecco, que presta os servizos de atención ao cliente de Movistar, está en pleno Expediente de Regulación de Emprego, no cal se van ver afectados diferentes centros que ten por todo o territorio do estado, sendo o centro da Coruña o máis afectado con 205 do total de despedimentos.

É por isto que o pleno da Deputación da Coruña acorda:

Manifestar o seu rexeitamento contra o ERE de Extel.

Solicitarlle a Movistar e Extel que aclaren onde se vai presentar o servizo de atención ao cliente.

Dar traslado do presente acordo a Extel e Movistar

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE E COMPETENCIAS DA AP-9 A GALICIA**

A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galicia, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza", que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galicia e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruinosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos da corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galicia que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galicia nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galicia se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

A Corporación da Deputación da Coruña súmase ao consenso político acadado no Parlamento de Galicia e apoia expresamente a defensa da iniciativa lexislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos aprobados polo Parlamento de Galicia.

A Corporación da Deputación da Coruña expresa o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galicia, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais.

A Corporación da Deputación da Coruña reclama que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galicia sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

Por todo iso, o Pleno da Corporación da Coruña acorda:

1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia", aprobada por unanimidade do Parlamento de Galicia e, en calquera caso, instar á Mesa do Congreso á tramitación inmediata da proposición.

2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galicia.

3. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central, Presidenta e Mesa do Congreso dos Deputados."

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 9/16, DO 30 DE SETEMBRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, número 9/16, do 30 de setembro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 22551 ATA A NÚMERO 24800, DE 2016.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 22551 ata a número 24800, de 2016.

**3.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN GALEGA DE SALAS DE MÚSICA AO VIVO "CLUBTURA" PARA FINANCIAR A SEMANA DA MÚSICA AO VIVO 2016 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a

existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 30 de setembro de 2016.

**2.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" para financiar a *Semana da música ao vivo 2016*, por importe de **6.000 €**, cun orzamento subvencionado de 7.516 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" para financiar a *Semana da música ao vivo 2016"***

A Coruña

**REUNIDOS**

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Dona María Nieto Díaz, xerente da Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura".

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

A Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" é unha asociación profesional con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar e, segundo os seus estatutos, entre os seus fins están o de englobar e representar a todas e cada unha das salas de música ao vivo asociadas existentes na Comunidade Galega, lograr o recoñecemento cultural das salas de música ao vivo privadas ante as administracións, a promoción, comunicación e difusión da música ao vivo, a creación de circuítos de traballo e mecanismos de difusión conxuntos e comúns, así como a equiparación de recursos entre as salas de música ao vivo privadas e as públicas.

A Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" (NIF: G36976025) para financiar a *Semana da música ao vivo 2016,* que se desenvolverá con motivo da celebración do Congreso de salas de concertos na cidade da Coruña.

A Asociación ten previsto levar a cabo actividades formativas, charlas-coloquio, audiovisuais e concertos.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

A Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" desenvolverá as actividades programadas, segundo se define na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| - Organización loxística das actividades ( inclúe contratación de persoal de produción) | 1.936,00 € |
| - Contratación de bandas e solistas ( 7 actuacións) | 1.715,00 € |
| - Gastos de produción das salas | 1.065,00 € |
| - Contratación de relatores formación | 1.800,00 € |
| - Servizo de tradución ao galego e web | 1.000,00 € |
| **TOTAL** | **7.516,00 €** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **6.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **79,8 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,8 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" .

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" , nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" .

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" , xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2016, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo “Clubtura”.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo “Clubtura” terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo “Clubtura” deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo “Clubtura” destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo “Clubtura” deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo “Clubtura” poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de todos os demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo “Clubtura” queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo “Clubtura” serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co

debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura" será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2016.

**2.-** Previa solicitude da Asoc. Galega de Salas de Música ao Vivo "Clubtura", realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos previos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**4.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA FINANCIAR A XIV EDICIÓN DOS PREMIOS MESTRE MATEO E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 26 de setembro de 2016.

**2.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asoc. Academia Galega do Audiovisual por importe de **15.000 €**, para financiar a *XIV edición dos Premios Mestre Mateo,* cun orzamento subvencionado de 112.315,00 €., de acordo co texto do convenio que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. Academia Galega do Audiovisual para financiar a *XIV edición dos Premios Mestre Mateo.***

A Coruña

**REUNIDOS**

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Xosé Carlos Ares Pérez, presidente da Asoc. Academia Galega do Audiovisual.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

**1.-** A Asoc. Academia Galega do Audiovisual é unha asociación sen ánimo de lucro, que agrupa a creadores e profesionais do audiovisual galego: cine, multimedia, publicidade, televisión, vídeo.

**2.-** Esta entidade foi creada no ano 2002 co obxectivo de fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas co audiovisual en Galicia.

**3.-** A Asoc. Academia Galega do Audiovisual ten entre as súas principais actividades, a organización da gala anual na que se entregan os premios do audiovisual galego, os *Premios Mestre Mateo*.

**4.-** A Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. Academia Galega do Audiovisual coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. Academia Galega do Audiovisual (NIF: G15844145) para financiar a ***XIV edición dos Premios Mestre Mateo***, co seguinte contido:

* *Lectura de nomeados.-* Neste acto *d*anse a coñecer os nomeados nas distintas categorías para dar maior relevancia ao feito de conseguir ser finalista.

* *Xuntanza de nomeados.*

* *Encontros Mestre Mateo.-* Debate profesional e sereno entre os profesionais nomeados nalgunhas categorías, os cales achegan ás escolas de produción, imaxe e son de Galicia, a través de coloquios co público e máis directamente cos futuros profesionais.

* *Gala de entrega dos Premios Mestre Mateo*.- Cerimonia de posta en valor do audiovisual galego, ao tempo que é un espectáculo televisivo capaz de atraer audiencia.

* O*s Mestre Mateo fóra de Galicia*.- A Academia Galega do Audiovisual ten un acordo de colaboración dende o 2010 coa Academia do Cinema Catalán polo que as obras finalistas e gañadoras nos Premios Mestre Mateo proxéctanse en Barcelona e, ao tempo, as obras gañadoras e nomeadas nos Premios Gaudí exhíbense en Galicia.

* *Anuario "Papeis da Academia"*.- Publicación que recolle o resume de cada edición dos Premios Mestre Mateo e información xeral do sector: producións, festivais, temas de actualidade.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

A Asoc. Academia Galega do Audiovisual desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| ***XIV edición dos Premios Mestre Mateo*** | |
| Guión e música | 3.440,00.- |
| Equipo artístico | 5.400,00.- |
| Equipo técnico | 43.497,74.- |
| Escenografía | 10.518,44.- |
| Montaxe e sonorizac. Vídeos | 2.420,00.- |
| Iluminación e son | 14.760,00.- |
| Plataforma visionado e votación | 1.815,00.- |
| Varios produción | 7.855,00.- |
| Viaxes, manutención, aloxamentos | 4.392,00.- |
| Notaría, seguros e asesoría xurídica | 2.690,18.- |
| Gastos xerais | 1.626,64.- |
| ***Importe*** | ***98.415,00.-*** |
| ***Anuario Papeis da Academia*** | |
| Persoal técnico | 10.494,00.- |
| Gastos de profesionais | 386,00.- |
| Produción | 2.650,00.- |
| Gastos xerais | 370,00.- |
| ***Importe*** | ***13.900,00.-*** |
| ***Total gastos*** | ***112.315,00 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **13,355 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 13,355 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asoc. Academia Galega do Audiovisual obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponde á Asoc. Academia Galega do Audiovisual.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asoc. Academia Galega do Audiovisual, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asoc. Academia Galega do Audiovisual deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asoc. Academia Galega do Audiovisual.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asoc. Academia Galega do Audiovisual unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asoc. Academia Galega do Audiovisual, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2016.**

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Asoc. Academia Galega do Audiovisual deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asoc. Academia Galega do Audiovisual para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asoc. Academia Galega do Audiovisual da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asoc. Academia Galega do Audiovisual na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asoc. Academia Galega do Audiovisual terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Asoc. Academia Galega do Audiovisual deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Asoc. Academia Galega do Audiovisual destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asoc. Academia Galega do Audiovisual deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asoc. Academia Galega do Audiovisual poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asoc. Academia Galega do Audiovisual queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asoc. Academia Galega do Audiovisual serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asoc. Academia Galega do Audiovisual será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da Asoc. Academia Galega do Audiovisual, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos previos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos previos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**5.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN PARA FOMENTO DA EDUCACIÓN, A INVESTIGACIÓN, A TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E AS ACTIVIDADES CULTURAIS, ARTÍSTICAS E CIENTÍFICAS NO ANO 2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de outubro de 2016.

**2.-** Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, por importe de **125.000 €**, concedida para financiar a *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2016* cun orzamento subvencionado de 176.350 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar a *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2016.***

A Coruña

**REÚNENSE**

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Juan Manuel Viaño Rei, reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC) segundo o nomeamento efectuado polo Decreto 62/2014, do 28 de maio (DOG do 4 de xuño), actuando en nome e representación desta en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Actuando os intervintes, na representación indicada e recoñecéndose mutuamente capacidade para a sinatura do presente documento.

## MANIFESTAN

**Primeiro.-** Que a USC ten como obxecto esencial a impartición de docencia, a promoción da investigación científica e técnica, e a transferencia do coñecemento no seu marco territorial de actuación. Neste senso a USC**,** para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo, con recoñecido prestixio, a súa actividade docente, investigadora e de transferencia do coñecemento, estando chamada por razón de esencia, finalidade e obxectivos, a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, formando profesionais, investigadores, profesores universitarios e técnicos útiles á sociedade, en beneficio todo iso da cultura e o benestar social.

**Segundo.-** Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

**Terceiro.-** Que a Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago no financiamento de parte das súas actividades culturais, artísticas e científicas, sendo un exemplo deste tipo de colaboración o apoio ao financiamento parcial do Proxecto ESTALMAT-Galicia, o cal ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos entre os 12 e os 15 anos.

**Cuarto.-** Que a Deputación da Coruña e a USC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio marco que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (NIF: Q1518001A) para financiar parcialmente os gastos derivados da ***Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2016.***

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas as dúas institucións, de mutuo acordo, contemplen outras que puidesen xurdir máis adiante.

***1.- Apoio aos programas de detección e captación de talento***.

Neste ámbito inclúense, entre outras, as accións dirixidas á captación e detección de talento de estudantes; estarán recolleitos, polo menos,

1.1.- Proxecto ESTALMAT- Galicia que busca detectar aptitudes matemáticas avanzadas entre o alumnado de secundaria e proporcionarlles un programa de actividades adaptadas ao desenvolvemento do seu talento.

1.2.- Programa de captación e fidelización de talentos na USC. Este programa ten como liñas de actuación: o acto de recoñecemento aos mellores expedientes de bacharelato, a celebración de charlas temáticas nas que se pretende espertar vocacións e aclarar dúbidas aos estudantes de secundaria, e as distintas olimpíadas de bioloxía, edafoloxía, economía, filosofía, física, matemáticas, química e tradución de textos clásicos.

Estas axudas xestionaranse a través do programa “A Ponte entre a USC e o Ensino Medio” e da delegación de reitor para Ensino Medio.

***2.- Apoio á programación cultural.***

Neste ámbito inclúense, entre outras actividades, as vinculadas co mantemento, a visibilización e a posta en valor do patrimonio histórico, artístico e cultural da USC e aquelas relacionadas co fomento e difusión de actividades culturais.

Estas axudas xestionaraas a vicerreitoría con competencias en materia de cultura.

***3.- Apoio á programación deportiva.***

Neste ámbito inclúense, entre outras actividades, as vinculadas coa promoción do deporte e a vida saudable na cidadanía, a promoción da educación en valores deportivos na educación universitaria e a renovación de equipos deportivo e mantemento de instalacións deportivas.

Estas axudas xestionaraas a vicerreitoría con competencia en materia deportiva.

***4.- Apoio a congresos, seminarios e cursos.***

Como parte das actividades enfocadas ao intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, a USC realiza diversas actividades ao longo do ano que poderán recibir financiamento parcial a cargo do presente convenio.

Estas axudas xestionaraas a vicerreitoría con competencias en materia cultural.

A USC seleccionará, dentro das propostas que reciba do seu persoal, as actividades que se poderán acoller a este convenio. Para cada unha delas establecerase tanto o financiamento que, a cargo deste convenio, lle corresponda así como a vicerreitoría ou unidade encargada da súa xestión.

Para as actividades identificadas como cursos, a USC establecerá unha convocatoria aberta de solicitudes de axuda ao financiamento.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| **1. Apoio aos programas de detección e captación de talento** | **74.878,00** |
| **1.1 Proxecto ESTALMAT** | **54.878,00** |
| - Viaxes e aloxamentos | 4.680,00 |
| - Material funxible | 6.500,00 |
| - Colaboracións externas, docencia de profesores, persoal de administración e técnicos de apoio, colaboración e dirección de tarefas de organización, empresa de vixilancia e servizo de fotografía | 41.148,00 |
| - Outros gastos (invitación actos de clausura, correo, seguros) | 2.550,00 |
| **1.2 Programa de captación e fidelización de talentos na USC** | **20.000,00** |
| - Charlas temáticas: desprazamento e axudas de custe do profesorado | 7.000,00 |
| - Acto de recoñecemento aos mellores expedientes: material de Imprenta, impresión, difusión e empresas de organización do evento | 8.000,00 |
| - Olimpíadas: organización, desprazamentos e axudas | 5.000,00 |
| **2.- Apoio á programación cultural** | **31.970,00** |
| - Teatro (escenografía, deseño, difusión, asistencia técnica, luz e son) | 3.200,00 |
| - Música (produción, pagos a solistas, director e material difusión) | 11.127,00 |
| - Exposicións (produción e montaxe, catálogo, material difusión) | 9.660,00 |
| - Posta en valor do patrimonio (fotografía dixital) | 7.983,00 |
| **3.- Apoio á programación deportiva** | **33.250,00** |
| - Arbitraxe (ligas internas, campionatos...) | 22.337,41 |
| - Servizos médicos / ambulancia | 470,00 |
| - Trofeos/medallas | 1.001,44 |
| - Desprazamento | 1.963,50 |
| - Aloxamentos (interzonal cto. España Universit., Valladolid) | 1.946,00 |
| - Desprazamentos e aloxamentos (cto. España Universit Murcia e Madrid) | 5.531,65 |
| **4.- Apoio a congresos, seminarios e cursos** | **30.000,00** |
| - Aluguer, material de difusión, compra de material non inventariable, contratación externa de servizos, gastos persoal. | 30.000,00 |
| **TOTAL** | **170.098,00** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **125.000,** o que representa unha porcentaxe do **73,487 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a USC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,487 %, da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42391, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**5.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**6.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da *Programación para o fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2016,* referida neste convenio corresponderalle á USC, asumindo, xa que logo, as conseguintes responsabilidades.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase á USC para que poida concertar a execución parcial das actividades obxecto da subvención con persoas vinculadas coa entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos

provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á USC despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
* Certificación desagregada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta.

**VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2016, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC na documentación subministrada

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar,polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e

pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2016.

**2.-** Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos previos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**6.-APROBACIÓN DA ENTREGA AO CONCELLO DE PONTECESO DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECEMENTO DE AUGA SITUADAS NO TERREO PROPIEDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DENOMINADA DE “BALARÉS” (PONTECESO).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aprobar a entrega das instalacións de abastecemento de auga situadas no terreo propiedade da Deputación Provincial da Coruña denominada de “Balarés (Ponteceso) (comprendendo a caseta de captación, tratamento e pozos, así como as instalacións de bombeo e rede de tubaxes) ao Concello de Ponteceso para a súa adscrición ao uso e servizo público de abastecemento de auga, correspondendo en consecuencia ao citado concello todos os traballos de mantemento, conservación, reforma ou ampliación e reparación das citadas instalacións , así como a supervisión da calidade, potabilidade e salubridade das augas, de acordo coa normativa estatal, autonómica e municipal correspondente , e todas as demais actuacións que permitan o adecuado abastecemento de auga aos seus destinatarios ou usuarios finais nas mellores condicións.

2º.- Formalizar a correspondente acta de entrega co Concello de Ponteceso.”

**7.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “URBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1704, PK 10,480 AO PK 11,310” DO CONCELLO DE CARRAL, INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015, CÓDIGO 15.1130.0001.0.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistas as “Bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluirán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015”, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro do 2012

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 27 de marzo do 2015, polo que se aprobou inicialmente a primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, na que se inclúe a obra do Concello de Carral denominada “Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310”, así como o acordo plenario provincial do 26 de xuño do 2015 polo que se aprobou provisionalmente a obra citada e a Resolución do Presidente da Deputación número 17058, con data do 5 de agosto do 2015, polo que se considerou definitivamente aprobada esta primeira fase do plan e, polo tanto, o proxecto técnico da obra do Concello de Carral indicada con anterioridade

Logo de ver o proxecto modificado desta obra, redactado polos servizos técnicos provinciais encargados da súa dirección, e a demais documentación técnica na que se xustifican as modificacións introducidas neste, que representan un incremento do seu orzamento inferior ao 10% do proxecto inicial, e que conta coa conformidade do contratista adxudicatario

Logo de ver o acordo de aprobación inicial do proxecto modificado desta obra, que foi adoptado polo Pleno provincial na sesión do 29 de xullo do 2016

Vista a documentación presentada dentro do prazo establecido polo Concello de Carral, relativa á dispoñibilidade dos terreos e á aprobación deste proxecto modificado da obra, de conformidade coas bases e compromisos de aceptación da entrega das obras

Visto o informe emitido polo Servizo de Patrimonio e Contratación desta deputación, con data do 3 de outubro do 2016, relativo a esta modificación do proxecto técnico da obra

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1) Aprobar provisionalmente o proxecto modificado da obra "Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310", no Concello de Carral, código 15.1130.0001.0, incluída na primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, aprobada inicialmente polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 27 de marzo do 2015, e provisionalmente na sesión ordinaria do 26 de xuño do 2015, e que se considerou definitivamente aprobada por Resolución do Presidente da Deputación número 17058, con data do 5 de agosto de 2015, que supón un incremento do seu orzamento inferior ao 10% do orzamento do proxecto técnico inicial, segundo se detalla a continuación:

| Código | Denominación | Presuposto contrata | Presuposto adxudicación |
|---|---|---|---|
| 15.1130.0001.0 | Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310 | 290.082,99 | 188.234,85 |
| 15.1130.0001.1 | Modif. Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310 | 28.081,73 | 18.222,23 |
| | **TOTAL** | **318.164,72** | **206.457,08** |

O incremento da achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do orzamento provincial para o exercicio 2016.

2) Expoñer ao público a aprobación provisional da modificación deste proxecto da obra, polo prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobada se non houbera reclamación ningunha".

**8.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2016, QUINTA FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2016, quinta fase, integrado pola obra que se indica a continuación, co detalle da súa denominación e presuposto:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | CONCELLO | PRESUPOSTO |
|---|---|---|---|
| 16.1170.0007.0 | Senda peonil na DP 0901 Acceso ao peirao de Betanzos, PK 0,000 ao PK 0,260 | Betanzos | 124.482,43 |
| | | **TOTAL** | **124.482,43** |

O financiamento do proxecto incluído neste plan realizarase con cargo á partida 0410/4535/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2016.

2.- Dispoñer a exposición pública do Plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

**9.-APROBACIÓN DA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.**

INTERVENCIÓNS

Sr. secretario

Aquí hai unha emenda de modificación ao ditame presentada polo presidente da Comisión Informativa de Plans Provinciais, Infraestruturas Viarias e Medio Ambiente, don José Manuel Pequeño Castro, que supón unicamente unha corrección dun erro aritmético que supoño que xa teñen todos os partidos políticos.

Sr. García Seoane

Na comisión na que se tratou o asunto eu votei a favor, eu vou votar a favor, indubidablemente, pero hai dous concellos que quedan excluídos do PMA, ao parecer porque chegaron tarde, iso é o que se adoita dicir, pero tamén argumentan estes concellos que non funcionaba, esa é a dúbida, que non funcionaba o tema telemático e que, polo tanto, non puideron entrar, entón son dous concellos que se quedan, é o de Fene e o de Cambre, que se quedarían sen a subvención que levan outros

concellos da provincia, e eu pediríalle ao presidente que fixera o posible por facer un convenio con estes dous concellos para compensarlles ese diñeiro que están perdendo hoxe neste acordo plenario que estamos tomando.

Procédese a votar a emenda, que é aprobada por unanimidade, e de seguido vótase o acordo, coa emenda, que é aprobado tamén por unanimidade.

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016, aprobadas polo Pleno Corporativo na sesión realizada o 27 de maio de 2016, publicadas no BOP nº 103, de 01.06.2016, modificadas mediante acordo do Pleno Corporativo do 30 de setembro de 2016 (BOP nº 190, do 05.10.2016).

Vistas as solicitudes e demais documentación presentada telematicamente polos respectivos concellos, de acordo cos informes da Unidade Xestora e da Intervención Xeral, inclúense nesta primeira fase aquelas actuacións relacionadas no anexo, na que se indican as observacións que se consideran procedentes.

1.- Aprobar a 1ª fase do Plan provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016, cuxo resumo de cifras globais dos dous apartados nos que se estrutura (PMA-INVESTIMENTOS e PMAACTIVIDADES) é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura no documento anexo a esta acordo, condicionado á aprobación e entrada en vigor do EMC núm. 4/2016, de aprobación polo Pleno Corporativo:

| APARTADO | PARTIDA | DEPUTACIÓN | CONCELLO | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| PMA-INVESTIMENTOS | 0520/17221/76201 | 3.980.654,75 € | 339.569,74 € | 4.320.224,49 € |
| PMA-ACTIVIDADES | 0520/17221/46201 | 600.021,15 € | 59.858,18 € | 659.879,33 € |
| **TOTAIS** | | **4.580.675,90** € | **399.427,92** € | **4.980.103,82** € |

2. Aprobar os proxectos das obras, subministracións e actividades incluídas no PMA-2016. Porén, a aprobación definitiva das actuacións que no anexo teñen indicadas condicións suspensivas (obtención de autorizacións ou licenzas, dispoñibilidade de terreos, etc.), queda condicionada ao seu cumprimento.

3. A contratación das actuacións realizarana os respectivos concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas bases reguladoras deste plan.

4. Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5. Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

6. Remitir o expediente para informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

7. Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e da remisión para informe sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións."

Referencia: PMA-SOLICIT / 2016

Expediente: 2016000006384

Informe de actividades e investimentos

| | | Orzamento | Deputación | Concello | Condicións |
|---|---|---|---|---|---|
| P1500029B | CONCELLO OZA CESURAS | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008756 | DOTAR DE ABASTECIMIENTO A RODEIRO, OZA-CESURAS | | | | |
| | | 70.892,36 | 70.892,36 | 0,00 | Autorización de Patrimonio da Consellería de Cultura<br>Autorización Vías e Obras da Deputación da Coruña |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **70.892,36** | **70.892,36** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **70.892,36** | **70.892,36** | **0,00** | |
| P1500100A | CONCELLO DE ABEGONDO | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008998 | MELLORA DA ZONA VERDE DE ABEGONDO (LG. SAN MARCOS) | | | | |
| | | 45.970,68 | 45.970,68 | 0,00 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **45.970,68** | **45.970,68** | **0,00** | |
| **PMA-ACTIVIDADES** | | | | | |
| 2016000009000 | XORNADAS INFANTÍS SOBRE ANELAMENTO AVES E MATERIAL | | | | |
| | | 6.671,98 | 6.671,98 | 0,00 | |
| | **Total PMA-ACTIVIDADES:** | **6.671,98** | **6.671,98** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **52.642,66** | **52.642,66** | **0,00** | |
| **P1500200I** | **CONCELLO DE AMES** | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000009032 | CREACIÓN SENDEIRO PEATONIL DE BERTAMIRÁNS A MUÍÑO DE POUSADA POR REGO DOS PASOS | | | | |
| | | 18.464,99 | 18.464,99 | 0,00 | Autorización Augas de Galicia |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **18.464,99** | **18.464,99** | **0,00** | |
| **PMA-ACTIVIDADES** | | | | | |
| 2016000009400 | BRIGADA DE XESTIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS DO CONCELLO | | | | |
| | | 17.637,89 | 17.637,89 | 0,00 | |
| | **Total PMA-ACTIVIDADES:** | **17.637,89** | **17.637,89** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **36.102,88** | **36.102,88** | **0,00** | |

Referencia: PMA-SOLICIT / 2016

Expediente: 2016000006384

Informe de actividades e investimentos

| | | Orzamento | Deputación | Concello | Condicións |
|---|---|---|---|---|---|
| P1500300G | CONCELLO DE ARANGA | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008964 | ADQUISICION DE COLECTORES PARA RECOLLIDA SELECTIVA DE LIXO | | | | |
| | | 16.516,50 | 16.516,50 | 0,00 | |
| 2016000008989 | MELLORA DE ALUMEADO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE VILARRASO É ARANGA | | | | |
| | | 34.042,12 | 34.042,12 | 0,00 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **50.558,62** | **50.558,62** | **0,00** | |
| **PMA-ACTIVIDADES** | | | | | |
| 2016000008979 | ELABORACION DE AUDITORIA DO ALUMEADO EXTERIOR E DE TODAS AS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE ARANGA | | | | |
| | | 39.655,26 | 39.655,26 | 0,00 | |
| | **Total PMA-ACTIVIDADES:** | **39.655,26** | **39.655,26** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **90.213,88** | **90.213,88** | **0,00** | |
| P1500400E | CONCELLO DE ARES | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008808 | ADECUACIÓN E MELLORA DE ZONA VERDE EN CHANTEIRO (PRÓXIMA ERMITA) | | | | |
| | | 28.161,46 | 20.907,51 | 7.253,95 | Autorización Instituto de Estudios do Territorio<br>Autorización Consell Medio Ambiente, Territorio e Infraestruct<br>Autorización Servicio de Patrimonio Cultural |
| 2016000008809 | ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA PRESERVAR E COIDAR O MEDIO AMBIENTE | | | | |
| | | 15.101,50 | 15.101,50 | 0,00 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **43.262,96** | **36.009,01** | **7.253,95** | |
| | **Total concello:** | **43.262,96** | **36.009,01** | **7.253,95** | |

Referencia: PMA-SOLICIT / 2016

Expediente: 2016000006384

Informe de actividades e investimentos

| | | Orzamento | Deputación | Concello | Condicións |
|---|---|---|---|---|---|
| P1500500B | CONCELLO DE ARTEIXO | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000009320 | ACONDICIONAMENTO ZONAS VERDES | | | | |
| | | 49.433,30 | 49.433,30 | 0,00 | Autorización Augas de Galicia<br>Disponibilidade do terreo da unidade de actuación U.A.17.3<br>Presentación do proxecto técnico e do informe de autorizacións ou licencias necesarias<br>Aprobación polo concello, se fora o caso, o novo proxecto técnico |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **49.433,30** | **49.433,30** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **49.433,30** | **49.433,30** | **0,00** | |
| P1500600J | CONCELLO DE ARZUA | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008774 | RENOVACION ALUMEADO PUBLICO NA PARROQUIA DE A CASTAÑEDA (LG DOROÑA E OUTROS) | | | | |
| | | 39.591,20 | 39.591,20 | 0,00 | |
| 2016000010022 | ADQUISICION DE CONTEDORES E SINAIS | | | | |
| | | 17.982,22 | 17.910,21 | 72,01 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **57.573,42** | **57.501,41** | **72,01** | |
| **PMA-ACTIVIDADES** | | | | | |
| 2016000008747 | BRIGADA MEDIOAMBIENTAL | | | | |
| | | 9.283,77 | 9.283,77 | 0,00 | |
| | **Total PMA-ACTIVIDADES:** | **9.283,77** | **9.283,77** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **66.857,19** | **66.785,18** | **72,01** | |

Referencia: PMA-SOLICIT / 2016
Expediente: 2016000006384

Informe de actividades e investimentos

| | | Orzamento | Deputación | Concello | Condicións |
|---|---|---|---|---|---|
| P1500700H | CONCELLO DA BAÑA | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000009347 | MELLORA DA ZONA VERDE AGRA DE CHANS - A BAÑA | | | | |
| | | 30.784,59 | 30.784,59 | 0,00 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **30.784,59** | **30.784,59** | **0,00** | |
| **PMA-ACTIVIDADES** | | | | | |
| 2016000009264 | CONTRATACIÓN DUNHA BRIGADA MEDIOAMBIENTAL COMPOSTA POR 5 PEÓNS FORESTAIS | | | | |
| | | 27.806,00 | 27.806,00 | 0,00 | |
| | **Total PMA-ACTIVIDADES:** | **27.806,00** | **27.806,00** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **58.590,59** | **58.590,59** | **0,00** | |
| P1500800F | CONCELLO DE BERGONDO | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000009383 | ADQUISICIÓN VEHÍCULO TIPO DUMPER | | | | |
| | | 51.711,29 | 31.334,20 | 20.377,09 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **51.711,29** | **31.334,20** | **20.377,09** | |
| **PMA-ACTIVIDADES** | | | | | |
| 2016000009382 | Brigadas medioambientais | | | | |
| | | 10.568,82 | 10.568,82 | 0,00 | |
| 2016000009381 | Formación do voluntariado ambiental | | | | |
| | | 3.700,00 | 3.700,00 | 0,00 | |
| | **Total PMA-ACTIVIDADES:** | **14.268,82** | **14.268,82** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **65.980,11** | **45.603,02** | **20.377,09** | |
| P1500900D | CONCELLO DE BETANZOS | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008963 | AMPLIACION DO BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS EN VENELA DO CAMPO | | | | |
| | | 35.979,85 | 34.758,74 | 1.221,11 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **35.979,85** | **34.758,74** | **1.221,11** | |
| | **Total concello:** | **35.979,85** | **34.758,74** | **1.221,11** | |

Referencia: PMA-SOLICIT / 2016

Expediente: 2016000006384

Informe de actividades e investimentos

| | | Orzamento | Deputación | Concello | Condicións |
|---|---|---|---|---|---|
| P1501000B | CONCELLO DE BOIMORTO | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008689 | MEJORA DEL VERTIDO DE LA DEPURADORA DE SAN PEDRO DE BRATES ( BOIMORTO) | | | | |
| | | 68.482,50 | 68.482,50 | 0,00 | Autorización Augas de Galicia |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **68.482,50** | **68.482,50** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **68.482,50** | **68.482,50** | **0,00** | |
| P1501100J | CONCELLO DE BOIRO | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008975 | SUBSTITUCIÓN DOS SISTEMAS DE ILUMINACIÓN DA CASA CONSISTORIAL PARA O AFORRO DE ENERXÍA | | | | |
| | | 17.032,38 | 16.522,58 | 509,80 | |
| 2016000008977 | SUSTITUCION DOS SISTEMAS DE ILUMINACIÓN DA RÚA PRINCIPAL NORTE PARA O AFORRO DE ENERXÍA | | | | |
| | | 22.727,32 | 22.000,00 | 727,32 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **39.759,70** | **38.522,58** | **1.237,12** | |
| | **Total concello:** | **39.759,70** | **38.522,58** | **1.237,12** | |
| P1501200H | CONCELLO DE BOQUEIXON | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008902 | ADECUACIÓN E MELLORA DA ZONA VERDE DO CAMPO DA FESTA DE LESTEDO | | | | |
| | | 51.144,47 | 51.144,47 | 0,00 | Autorización de Patrimonio Cultural |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **51.144,47** | **51.144,47** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **51.144,47** | **51.144,47** | **0,00** | |

Referencia: PMA-SOLICIT / 2016

Expediente: 2016000006384

Informe de actividades e investimentos

| | | Orzamento | Deputación | Concello | Condicións |
|---|---|---|---|---|---|
| P1501300F | CONCELLO DE BRION | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008682 | MELLORA REDES ABASTECEMENTO E AUGAS PLUVIAIS EN BOAVENTURA E TORRE | | | | |
| | | 30.458,83 | 26.887,62 | 3.571,21 | Autorización de Patrimonio |
| 2016000008683 | MELLORA INSTALAC. PRODUCTORA E CONSUMIDORA DE ENERXIA: ALUMEADO PUB. | | | | |
| | | 15.345,28 | 15.345,28 | 0,00 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **45.804,11** | **42.232,90** | **3.571,21** | |
| | **Total concello:** | **45.804,11** | **42.232,90** | **3.571,21** | |
| P1501400D | CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008883 | OBRAS DE MELLORA REDE DE SANEAMENTO DE A CARBALLA | | | | |
| | | 52.342,36 | 52.342,36 | 0,00 | Autorización Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Inf.<br>Acreditación da dispoñibilidade dos terreos necesarios |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **52.342,36** | **52.342,36** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **52.342,36** | **52.342,36** | **0,00** | |
| P1501500A | CONCELLO DE CABANAS | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008691 | CAPTACIÓN E SUMINISTRO DE AUGA ÁS DUCHAS DA PRAIA DA MAGDALENA | | | | |
| | | 42.923,69 | 42.923,68 | 0,01 | Autorización Costas do Estado do Ministerio de Fomento<br>Autorización Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente<br>Autorización da Deputación Provincial da Coruña<br>Acreditar a dispoñibilidade de terreos privados |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **42.923,69** | **42.923,68** | **0,01** | |
| | **Total concello:** | **42.923,69** | **42.923,68** | **0,01** | |

Referencia: PMA-SOLICIT / 2016

Expediente: 2016000006384

Informe de actividades e investimentos

| | | Orzamento | Deputación | Concello | Condicións |
|---|---|---|---|---|---|
| P1501600I | CONCELLO DE CAMARIÑAS | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008917 | PMA 2016 CONCELLO DE CAMARIÑAS: Alumeados de Curro, Xarás e Prado | | | | |
| | | 33.586,12 | 33.586,12 | 0,00 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **33.586,12** | **33.586,12** | **0,00** | |
| **PMA-ACTIVIDADES** | | | | | |
| 2016000008916 | PMA 2016 Camariñas Actividades ambientais | | | | |
| | | 6.199,83 | 6.199,83 | 0,00 | |
| | **Total PMA-ACTIVIDADES:** | **6.199,83** | **6.199,83** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **39.785,95** | **39.785,95** | **0,00** | |
| P1501800E | CONCELLO DA CAPELA | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008694 | MELLORA DO SANEAMENTO EN VILAR DE MOUROS | | | | |
| | | 67.694,03 | 67.694,03 | 0,00 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **67.694,03** | **67.694,03** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **67.694,03** | **67.694,03** | **0,00** | |
| P1501900C | CONCELLO DE CARBALLO | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008703 | OBRA: REDE DE SANEAMENTO NO COTOTE, PARROQUIA DE SOFÁN | | | | |
| | | 67.750,20 | 47.478,01 | 20.272,19 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **67.750,20** | **47.478,01** | **20.272,19** | |
| | **Total concello:** | **67.750,20** | **47.478,01** | **20.272,19** | |

Referencia: PMA-SOLICIT / 2016

Expediente: 2016000006384

Informe de actividades e investimentos

| | | Orzamento | Deputación | Concello | Condicións |
|---|---|---|---|---|---|
| P1502000A | CONCELLO DE CARNOTA | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008659 | ÁREA DE OCIO EN CARNOTA | | | | |
| | | 35.313,55 | 35.313,55 | 0,00 | Autorización Augas de Galicia |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **35.313,55** | **35.313,55** | **0,00** | |
| **PMA-ACTIVIDADES** | | | | | |
| 2016000008660 | CONTRATACIÓN DOUS PEÓNS PARA BRIGADA MEDIOAMBIENTAL | | | | |
| | | 7.358,57 | 7.258,57 | 100,00 | |
| | **Total PMA-ACTIVIDADES:** | **7.358,57** | **7.258,57** | **100,00** | |
| | **Total concello:** | **42.672,12** | **42.572,12** | **100,00** | |
| P1502100I | CONCELLO DE CARRAL | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008820 | DEMOLICIÓN PARCIAL E REHABILITAC.EDIF.PARA USO COMO AULA DA NATUREZA | | | | |
| | | 36.518,78 | 36.518,78 | 0,00 | |
| 2016000010293 | REDACCIÓN DO PROXECTO DEMOLICION PARCIAL E REHABILITACION EDIFICIO PARA USO COMO AULA DA NATUREZA | | | | |
| | | 3.100,00 | 3.100,00 | 0,00 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **39.618,78** | **39.618,78** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **39.618,78** | **39.618,78** | **0,00** | |

Referencia: PMA-SOLICIT / 2016

Expediente: 2016000006384

Informe de actividades e investimentos

| | | Orzamento | Deputación | Concello | Condicións |
|---|---|---|---|---|---|
| P1502200G | CONCELLO DE CEDEIRA | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000008899 | MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO CONCELLO DE CEDEIRA | | | | |
| | | 36.655,32 | 22.942,29 | 13.713,03 | |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **36.655,32** | **22.942,29** | **13.713,03** | |
| **PMA-ACTIVIDADES** | | | | | |
| 2016000010012 | BRIGADA MEDIOAMBIENTAL | | | | |
| | | 12.778,28 | 12.778,28 | 0,00 | |
| 2016000008818 | ELABORACIÓN DUNHA EXTRATEXIA MEDIOAMBIENTAL | | | | |
| | | 14.520,00 | 10.164,00 | 4.356,00 | |
| | **Total PMA-ACTIVIDADES:** | **27.298,28** | **22.942,28** | **4.356,00** | |
| | **Total concello:** | **63.953,60** | **45.884,57** | **18.069,03** | |
| P1502300E | CONCELLO DE CEE | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
| 2016000009035 | RECUPERACIÓN E MELLORA DE ZONA VERDE EN BERMÚN | | | | |
| | | 30.999,98 | 30.999,98 | 0,00 | Proxecto pendente de informe dos Servizos Técnicos provinciais<br>Acordo de aprobación polo concello do novo proxecto técnico, se fora o caso |
| | **Total PMA-INVESTIMENTOS:** | **30.999,98** | **30.999,98** | **0,00** | |
| **PMA-ACTIVIDADES** | | | | | |
| 2016000009043 | AUDITORÍA ENERXÉTICA MUNICIPAL | | | | |
| | | 7.560,87 | 7.560,87 | 0,00 | |
| | **Total PMA-ACTIVIDADES:** | **7.560,87** | **7.560,87** | **0,00** | |
| | **Total concello:** | **38.560,85** | **38.560,85** | **0,00** | |

Referencia: PMA-SOLICIT / 2016

Expediente: 2016000006384

Informe de actividades e investimentos

| | | Orzamento | Deputación | Concello | Condicións |
|---|---|---|---|---|---|
| P1502400C | CONCELLO DE CERCEDA | | | | |
| **PMA-INVESTIMENTOS** | | | | | |
1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso  no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

**XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

**XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello de Teo

Xosé Regueira Varela

Rafael Carlos Sisto Edreira"

**15.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE "PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS DE CAMPO DA FEIRA-ARCEO, PONTE FAXILDE, OPA-ORGA E OUTROS".**

O Pleno, por unanimidade, acorda

"1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vilasantar para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|---|---|
| CONCELLO | Vilasantar |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | Proxecto de mellora de camiños de Campo da Feira-Arceo, Ponte Faxilde, Opa-Orga e outros |
| ORZAMENTO DO PROXECTO | 114.729,11 € |

| | |
|---|---|
| ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN | 113.135,01 € |
| ACHEGA DE AGADER | 87.338,76 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 25.796,25 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 22,80130 % |
| PARTIDA ORZAMENTARIA | 0430/4541/76201 |

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/4541/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS DE CAMPO DA FEIRA-ARCEO, PONTE FAXILDE, OPA-ORGA E OUTROS**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Vilasantar, Fernando Pérez Fernández

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Vilasantar ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

**I. Obxecto**

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar, con CIF P1509100B, para o financiamento da obra de "Proxecto de mellora de camiños de Campo da Feira-Arceo,

Ponte Faxilde, Opa-Orga e outros", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Técnico municipal, Andrés Emilio Fernández Pérez

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

**II. Orzamento de execución das obras**
O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

| | |
|---|---|
| Orzamento execución material | 79.678,53 € |
| Gastos xerais (13 %) | 10.358,21 € |
| Beneficio industrial (6 %) | 4.780,71 € |
| IVE (21 %) | 19.911,66 € |
| Orzamento da contrata | 114.729,11 € |
| Orzamento de adxudicación | 113.135,01 € |

**III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 25.796,25 €, o que representa unha porcentaxe de 22,80130 % sobre o orzamento de adxudicación que ascende a 113.135,01 €. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 22,80130% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de

redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4599/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV. Contratación e execución**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

**VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

**X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

**XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

**XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá **efectos retroactivos dende o 01 de xaneiro de 2015** e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após os informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O deputado responsable da área de Cooperación cos concellos | O alcalde-presidente do Concello de Vilasantar |
| Xosé Regueira Varela | Fernando Pérez Fernández” |

**16.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2016 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E 30 DE SETEMBRO DE 2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de setembro de 2016.

2.- Tomar coñecemento da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial e polo Consorcio contra Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2016.

3.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación provincial da Coruña."

**17.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30.09.2016 E PROXECCIÓN A 31.12.2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria ao 30 de setembro de 2016, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

**18.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2016 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

O Pleno, por unanimidade, acorda

"1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación con referencia no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3º. Enviarlles a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda."

**19.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 4/2016 DE APROBACIÓN POLO PLENO.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Díaz Grandío

Bo día a todos, ademais dos avances xa comentados en canto a sumar o apoio a este modificativo, ao que xa adiantamos o noso voto positivo, comentamos no que ten que ver as bondades do expediente coa modernización da Administración, co avance no que ten que ver coas distintas obras por toda a provincia, a promoción do emprego e fomento do tecido empresarial. Contéñense aquí tamén dúas partidas que consideramos moi importantes como son as das actividades culturais e a achega á rede de canguraxe, igualmente, aínda que somos partidarios dunha maior e mellor coordinación entre as distintas áreas de goberno, agradecemos o diálogo mantido durante todo o proceso da elaboración do Expediente. Grazas.

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Despois de examinar o expediente e mais a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

**1.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 4/2016 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento xeral por un importe 30.545.572,08 euros e que ofrece o seguinte resumo:

## A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

| **A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):** | | **A.2) Baixas (fontes de financiamento):** | |
|---|---|---|---|
| CE. Créditos extraordinarios: | 1.885.616,64 | Remanente de Tesourería: | 25.878.501,13 |
| SC. Suplementos de crédito: | 28.659.955,44 | Baixas por anulación: | 4.667.070,95 |
| **Total aumentos:** | **30.545.572,08** | **Total financiamento:** | **30.545.572,08** |

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

**B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos**

| Capítulo | Altas | Baixas |
|---|---|---|
| 1. Gastos de persoal | 0,00 | 0,00 |
| 2. Gastos correntes | 940.000,00 | 75.000,00 |
| 3. Gastos financeiros | 0,00 | 0,00 |
| 4. Trans. correntes | 1.717.494,04 | 2.592.070,95 |
| 5. Fondo continx. e o. i. | 0,00 | 0,00 |
| 6. Investimentos reais | 700.000,00 | 0,00 |
| 7. Trans. de capital | 27.188.078,04 | 2.000.000,00 |
| 8. Activos financeiros | 0,00 | 0,00 |
| 9. Pasivos financeiros | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAL:** | **30.545.572,08** | **4.667.070,95** |

**B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos**

| Capítulo | Altas |
|---|---|
| 1. Impostos directos | 0,00 |
| 2. Impostos indirectos | 0,00 |
| 3. Taxas e outros ingresos | 0,00 |
| 4. Transferencias correntes | 0,00 |
| 5. Ingresos patrimoniais | 0,00 |
| 6. Alleamento investimentos reais | 0,00 |
| 7. Transferencias de capital | 0,00 |
| 8. Act. Finan. Reman. Tesourería | 25.878.501,13 |
| 9. Pasivos financeiros | 0,00 |
| **TOTAL:** | **25.878.501,13** |

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

**20.-MODIFICACIÓN DAS BASES E CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DA PRODUTIVIDADE ESTABLECIDOS POLO ACORDO PLENARIO DO 27 DE NOVEMBRO DE 2014.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

**"ANTECEDENTES**

O Pleno da Corporación, no acordo adoptado en sesión do 27 de novembro de 2014 sobre "3.- PRODUTIVIDADE POR OBXECTIVOS. SOBRESOLDO ESPECIAL DE PRODUTIVIDADE. ASIGNACIÓN INDIVIDUAL E ABOAMENTO DE CONTÍAS. VALORACIÓN E COEFICIENTES", estableceu entre outras que "A asignación individual das contías do complemento de produtividade para o persoal de cada área realizarase mediante a aplicación a cada posto dos coeficientes xerais que se relacionan na táboa adxunta e sen que en ningún caso poida producirse unha repartición lineal do citado complemento ou unha repartición sen avaliación previa individual de cada unidade ou posto" así como que "A suma das retribucións totais anuais de cada posto de traballo máis as contías correspondentes ao complemento de produtividade que lle fose asignado anualmente a cada posto non poderá exceder, en ningún caso, a contía correspondente ás retribucións totais anuais consignadas anualmente para a Presidencia para ese mesmo período orzamentario. Adicionalmente, as contías correspondentes ao complemento de produtividade que lle fose asignado anualmente a cada posto non poderá exceder, en ningún caso, a porcentaxe máxima establecida para o efecto para cada posto de traballo sobre a suma das retribucións totais anuais do devandito posto para cada período orzamentario, todo iso en función do correspondente nivel de complemento de destino (C.D.)…"

Por Resolución da Presidencia nº 795 do 23 de xaneiro de 2015 aprobouse a distribución do complemento de produtividade e a forma de asignación individual a cada empregado público para o exercicio 2015, establecendo no apartado quinto que "A suma das retribucións totais anuais de cada posto de traballo máis as contías correspondentes ao complemento de produtividade, non poderán en ningún caso exceder da contía correspondente ás retribucións totais da Presidencia da Deputación no mesmo período, e deberán respectar tamén as porcentaxes máximas por posto e nivel de complemento de destino indicadas na táboa anterior."

O acordo da Xunta de Goberno do 18 de decembro de 2015 que aproba a liquidación provisional do complemento de produtividade correspondente ao exercicio 2015 insta ao presidente e ao deputado delegado a que se inicien de inmediato os trámites conducentes a eliminar as disfuncións observadas na asignación deste complemento como consecuencia do establecemento dun límite retributivo, alleo á natureza e dinámica do complemento de produtividade, reparando, no posible, as consecuencias contrarias á súa regulación normativa que se puidesen producir.

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 6 de maio de 2016 eleva a definitivas as cantidades aprobadas no concepto de liquidación provisional do complemento de produtividade correspondente ao exercicio 2015.

Dª Amparo Taboada Gil, oficiala maior desta Corporación, mediante escrito presentado o 9 de xuño de 2016, interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno do 6 de maio de 2016 polo que se aproba a liquidación definitiva do complemento de produtividade do ano 2015, no que se aducen, entre outras, as seguintes alegacións:

"No apartado 3 do acordo citado (refírese ao acordo plenario do 27 de novembro de 2014) e no apartado segundo da resolución citada (Resolución 2015/795 do 23 de xaneiro), establécense uns coeficientes e porcentaxes correspondentes a cada nivel de complemento de destino. En ambos acordos dise que o coeficiente de posto por CD determina que a maior nivel de complemento de destino maior debe ser o impacto dese posto de traballo na consecución dos obxectivos e na produtividade, o que basicamente se traduce en que a produtividade non se entende como unha retribución lineal senón que a maior nivel de CD maior será o coeficiente de aboamento de produtividade" así como que "Despréndese dos acordos e da doutrina xeral, que a maior responsabilidade a produtividade é maior e por iso a súa retribución tamén é maior nos postos de maior nivel."

O 10 de outubro de 2016 aproba a presidencia a Resolución 2016/23819, que inicia os trámites para modificar o acordo plenario do 27 de novembro de 2014.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Tanto no acordo plenario do 27 de novembro de 2014 como na resolución 2015/795 dise que o coeficiente de posto por complemento de destino determina que a maior nivel de complemento de destino maior debe ser o impacto dese posto de traballo na consecución dos obxectivos e na produtividade. É dicir, que a maior responsabilidade a produtividade é maior e por iso a súa retribución tamén debe ser maior nos postos de maior nivel. Os límites fixados na actualidade, especialmente o determinado polas retribucións da Presidencia, dan como resultado disfuncións como que os postos de maior responsabilidade poidan percibir un complemento de produtividade inferior a outros cun complemento de destino inferior. De aplicar este límite tería que operar para toda a organización de maneira que se mantivese a diferenza na valoración do traballo de acordo coa maior ou menor responsabilidade do posto que desempeña cada un, tal e como se establece nos acordos reguladores do pleno e na resolución da presidencia.

Por outra banda, e tal como se sinala no informe da asesoría xurídica 248/2015, “na determinación polo Pleno da contía das retribucións do Presidente e demais corporativos inflúen motivacións e criterios de oportunidade política que, aínda que poden servir para fixar as retribucións dos devanditos corporativos provinciais, non son obxectivamente adecuadas para a súa aplicación aos empregados públicos, que deben ser remunerados polo traballo efectivamente desempeñado en cada posto, tras unha adecuada valoración do seu contido, en función das condicións de dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade…, en que se desempeñe. A fixación dun límite retributivo para os empregados públicos, establecido por referencia á contía salarial fixada para un membro da Corporación, podería distorsionar de tal modo o réxime retributivo do funcionariado que, mesmo podería chegar a ser nulo de pleno dereito, se con iso se infrinxisen as normas reguladoras da materia…”

A propia Xunta de Goberno no acordo citado do 18 de decembro de 2015 recoñece a existencia de disfuncións na asignación deste complemento derivadas do establecemento dun límite retributivo, instando ao presidente e ao deputado delegado a iniciar os trámites para eliminalas, reparando as consecuencias que se puidesen producir.

A Resolución da Presidencia nº 23819 do 10 de outubro de 2016 dispón “Que se inicien os trámites oportunos para a modificación do Acordo Plenario do 27 de novembro de 2014 no relativo á eliminación das disfuncións na asignación do complemento de produtividade como consecuencia do establecemento do límite das retribucións correspondentes á Presidencia da Deputación para o mesmo período.”

De conformidade cos antecedentes citados e demais normativa de aplicación

**ACÓRDASE**

Modificar as bases e criterios que rexen a distribución da produtividade establecidos polo Acordo plenario de 27 de novembro de 2014 no sentido de eliminar o límite derivado das retribucións asignadas á Presidencia da Deputación en relación ao complemento de produtividade correspondente ao exercicio 2015.”

## 21.-SISTEMA DE AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO E CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS. BASES E CRITERIOS DO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados ( 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

"Aprobar o **sistema de avaliacion do desempeño e cumprimento de obxectivos. bases e criterios do complemento de produtividade**

O artigo 24.c) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e o artigo 5 do Real decreto 861/1986 do 25 de abril, establecen o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios que atenderán, entre outros aos seguintes factores: o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultado obtido.

O artigo 4 do Convenio colectivo do persoal laboral da Deputación provincial da Coruña, establece que se equipararán as retribucións íntegras de todas as persoas empregadas públicas da Deputación Provincial da Coruña, sexan persoal laboral ou funcionario, sempre que desempeñen postos de grupos, subgrupos e/ou tipos de postos que resulten equiparados segundo as relacións de postos de traballo.

A avaliación do desempeño é o procedemento mediante o cal se mide e valora a conduta profesional e o rendemento ou o logro de resultados.

Os dous alicerces fundamentais para poder avaliar a produtividade son:

-Os obxectivos concretos do rendemento.
-A valoración da conduta profesional.

**1.- Obxectivos do rendemento**:

Mediante unha adecuada planificación deberán proporse por cada responsable xerárquico (xefaturas de sección ou asimilados en colaboración coas xefaturas de servizo e cos/as deputados/as de cada área) uns obxectivos anuais que racionalicen a xestión e melloren os resultados, debendo identificar dun modo preciso o indicador ou indicadores que se van utilizar para medir o resultado, que servirá para modular a avaliación dos resultados obtidos e posibilitará a percepción do complemento de produtividade.Os devanditos obxectivos fixarán explicitamente as metas a alcanzar asociadas ao prazo temporal dun ano e poderán controlarse periodicamente ao longo del. No caso de que se fixe máis dun obxectivo a nivel da unidade administrativa correspondente, deberase de determinar o peso relativo ou ponderación que terá cada un deles na avaliación do resultado final obtido. No control de resultados cabe a modificación dalgún obxectivo que non se levou a cabo ou que se prevexa que é difícil de conseguir, todo iso previa análise das causas que están a impedir o seu normal desenvolvemento.

Ao mesmo tempo, coa definición de obxectivos, cada Xefatura de Sección/unidade deberá facer unha relación dos/as traballadores/as adscritos a esa sección/unidade.

No caso de que algún/algunha traballador/a durante o exercicio cambiase de destino, avaliarase na sección/unidade na que realizou o seu traballo durante o maior período de tempo.

No primeiro mes do ano seguinte ao que se está avaliando, o superior xerárquico da sección ou asimilado elaborará un informe relativo ao grao de cumprimento dos obxectivos anuais que se fixaron. Se o grao ou porcentaxe de cumprimento fose superior a 100 utilizarase esta contía como importe máximo do resultado obtido. O devandito informe deberá estar conformado pola Xefatura de Servizo e o/a deputado/a correspondente.

O Comité de Avaliación velará porque os obxectivos entre seccións/unidades sexan equitativos ou parellos propoñendo as medidas correctoras que considere oportunas.

**2.- Criterios de valoración do desempeño do posto**:

a) Asistencia ao posto de traballo: Computaranse todos os días en que se estivese ausente do traballo, independentemente de que estean ou non xustificados, coa excepción de vacacións, asuntos propios e permisos contemplados nos artigos 48 e 49 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

Efectuarase o desconto proporcional na produtividade polos días ou tramos horarios xustificados, salvo que o saldo final sexa positivo, coas seguintes incidencias:

1. Visita médica.
2. Deber inescusable non xustificado e acreditado en base á normativa vixente
3. Suspensión de emprego e soldo
4. Licenzas sen retribucións
5. Folga
6. Incapacidade temporal
7. Enfermidade sen baixa médica

b) Cumprimento da xornada: Descontarase do complemento de produtividade a parte proporcional do incumprimento horario a aquel traballador ou traballadora que logo do cómputo anual, entendido este como o sumatorio total de horas realizadas incluídas as que superan a xornada mensual, non cumpra coa súa xornada; sen prexuízo dos correspondentes descontos en nómina e medidas disciplinarias que procedan segundo a normativa vixente.
En todo caso o persoal que se atope nesta situación disporá do mes de xaneiro do seguinte ano para recuperar o dito déficit horario.

c) Valoración do traballo e contribución aos obxectivos: Poderá onsiderarase que todos/as os/as traballadores/as contribuíron da mesma maneira ao cumprimento de obxectivos e asignaráselles a mesma porcentaxe resultante do devandito cumprimento. Se algún/algunha traballadora da sección non contribuíu ou o fixo en menor medida ao devandito cumprimento, a Xefatura da Sección poderá propor de forma motivada que non perciba o complemento ou o faga nunha porcentaxe inferior ao resto do persoal da súa unidade, graduando porcentualmente entre 0 e 20 cada un dos cinco factores que forman parte da avaliación do desempeño. Esta proposta deberá estar conformada pola Xefatura de Servizo. Neste caso, o/a traballador/a poderá efectuar as alegacións que estime procedentes, sendo o Comité de avaliación da produtividade quen lle propoña à Xunta de Goberno a resolución das ditas alegacións, podendo solicitar os informes que procedan, no seu caso, tanto a o traballador/a como a o avaliador/a.

O tempo dedicado à representación dos traballadores/as, segundo a normativa vixente, considérase para todos os efectos tempo de traballo efectivo.

Os/as representantes dos/as traballadores/as que estivesen liberados totalmente durante o período sometido á avaliación, percibirán unha contía por produtividade igual á porcentaxe fixada para o resto dos/as traballadores/as da sección á que pertenzan.

Para o estudo destas alegacións e antes de elevar a proposta de liquidacións definitivas, reunirase o Comité de Avaliación constituído para o efecto, e integrado por:

Dous deputados/as representantes do goberno provincial
Xefatura de Servizo de Planificación e Xestión de RRHH
Xefatura de Sección de Planificación de RRHH
Un/unha representante por cada organización sindical con representación na Deputación.

O devandito comité poderá solicitar a información necesaria, tanto dos/das responsables xerárquicos/as como dos/das traballadores/as avaliados por eles/as para conseguir unha total transparencia e o máximo grao de obxectividade.

Os factores para a avaliación do desempeño dos/as empregados/as serán os seguintes:

1.- Rendemento: Valorarase a carga de traballo, resposta áxil e cumprimento de prazos, dificultade das tarefas e actividades e calidade na súa execución.

2.- Competencia práctica: Valorarase a capacidade manifestada na realización das tarefas propias do posto de traballo e o grao de fiabilidade que merece no seu desempeño; a capacidade de *priorizar* e organizar o devandito traballo.

3.- Colaboración: Valorarase a disposición para cumprir e facer cumprir as normas, aceptar suxestións e indicacións relacionadas coas funcións e tarefas propias do seu posto de traballo, así como a maneira de relacionarse no posto de traballo, dentro do propio servizo e cos servizos do resto da Deputación.

4.- Responsabilidade: Valorarase a capacidade de asumir e realizar as tarefas encomendadas coa maior eficiencia e eficacia posibles asumindo como propios os resultados do traballo.

5.- Iniciativa: Valorarase a capacidade para tomar decisións adecuadas e dar resposta ás esixencias do posto de traballo, tanto ás habituais como ás novas e imprevistas. Tamén a posta ao día na normativa que afecte ao seu traballo e a achega de suxestións para optimizar o procedemento administrativo.

Todos estes factores de avaliación poden entenderse cumpridos na mesma proporción que o foi o resultado final obtido en relación aos obxectivos establecidos e para todos os integrantes da unidade administrativa.

A avaliación do desempeño dun/dunha xefe/a de sección/unidade será a correspondente ao obxectivo porcentual, ata un máximo do 100%, acadado pola súa sección/unidade. Para un/unha xefe/a de servizo, será a media dos resultados obtidos polas seccións que dependan del. A avaliación dos/as funcionarios/as de habilitación estatal que desempeñan postos de colaboración será a media dos resultados obtidos polos servizos que dependan del. Para o caso do secretario, interventor e tesoureiro, será a media dos resultados obtidos polos postos de colaboración.

## 3.- Procedemento para a asignación individual do complemento de produtividade:

### 3.1 Entregas a conta mensuais

Realizaranse entregas a conta mensualmente, abonándose como máximo o 80% do importe total previsto no orzamento de cada exercicio. Para calcular esas entregas mensuais, aplicarase a porcentaxe que corresponda á contía do complemento de produtividade máximo que podería percibir cada posto nese exercicio no caso de que cumprise no seu grao máximo os obxectivos establecidos.

Para o cálculo das asignacións individuais do complemento de produtividade a cada traballador/a, a cada cantidade resultante do baremo, aplicaranse os seguintes coeficientes e límites porcentuais por posto, en función do nivel de complemento de destino (C.D.), co obxectivo de que a contía acumulada en todo o exercicio non supere o límite das retribucións do posto de traballo que se indica a continuación:

| Nivel de complemento de destino do posto | Coeficiente en función do nivel do empregado | Límite anual acumulado como % das retribucións do empregado[1] |
|---|---|---|
| 13 | 1,45 | 30% |
| 14 | 1,45 | 29% |
| 15 | 1,50 | 28% |
| 16 | 1,50 | 27% |
| 17 | 1,55 | 26% |
| 18 | 1,55 | 25% |
| 19 | 1,60 | 24% |
| 20 | 1,60 | 23% |
| 21 | 1,65 | 22% |
| 22 | 1,65 | 21% |
| 23 | 1,70 | 20% |
| 24 | 1,70 | 19% |
| 25 | 1,75 | 18% |
| 26 | 1,75 | 17% |
| 27 | 1,80 | 16% |
| 28 | 1,80 | 15% |
| 29 | 1,85 | 14% |
| 30 | 1,85 | 13% |

3.2 Liquidación provisional

No último trimestre do ano realizarase unha liquidación provisional, polo importe das cantidades consignadas no orzamento correspondente, que ratificará o Comité de avaliación da produtividade e someterase a dita liquidación a aprobación da Xunta de Goberno para o seu aboamento no mes de decembro.

3.3 Liquidación definitiva do complemento ou sobresoldo de produtividade e regularización das entregas mensuais percibidas

No primeiro trimestre do exercicio seguinte farase a liquidación definitiva unha vez coñecido o cumprimento de obxectivos e a valoración do desempeño durante todo o ano anterior. Se o importe da liquidación definitiva fose negativo, é dicir, que o percibido como entrega a conta fose superior ao complemento de produtividade, procederase á dedución mensual nos seus haberes na forma que se determine.

---

[1] Para estes efectos, non formarán parte das retribucións do empregado os seguintes conceptos:
Complemento ou sobresoldo especial de produtividade
Antigüidade ou trienios, sexenios ou quinquenios e similares
Indemnizacións por razón do servizo e gastos suplidos
Atrasos retributivos
Achegas da Deputación a plans de pensións
Retribucións en especie (por exemplo, seguros de vida ou de vehículos particulares utilizados no desempeño do posto…)
Axudas de acción social (por exemplo, bolsas de estudo, axudas á adquisición de vivenda, prestacións sanitarias non incluídas no sistema público de saúde…)

No caso de que o empregado non preste os seus servizos durante todo o ano, cuantificarase o complemento ou sobresoldo de produtividade en proporción ao número de días naturais que os preste.

**4.- Aplicacións orzamentarias destinadas ao complemento de produtividade**:

4.1.-A partir do exercicio 2017, unifícanse os dous sistemas vixentes, o sistema xeral e o sistema da área tributaria e as correspondentes partidas orzamentarias.

4.2.- As cantidades serán as consignadas anualmente en cada orzamento, despois da negociación cos sindicatos con representación nesta Deputación provincial, en cumprimento do establecido no artigo 37.1.b) do Real decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

4.3.-As cantidades consignadas para a produtividade estarán suxeitas ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado do exercicio correspondente, podendo adecuarse esta se resulta imprescindible polo grao de consecución dos obxectivos fixados.

**Disposición adicional primeira**

O persoal eventual a que se refire o artigo 12 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro) participará neste mesmo sistema e percibirá o complemento de produtividade e as súas entregas mensuais cos mesmos criterios e regras ca os previstos para o resto do persoal provincial. A fixación dos seus obxectivos e a avaliación do seu cumprimento corresponderalle a Xefatura do Gabinete da Presidencia ou a quen a Presidencia designe.

No caso de que se produza o seu cesamento antes da finalización do exercicio, procederase á determinación do complemento de produtividade en función dos resultados obtidos ata esa data polo persoal cesado e a practicar a liquidación definitiva, que en caso de resultar negativa deberá quedar cancelada na última nómina de haberes que se lle satisfaga.

**Disposición adicional segunda**

Antes de rematar o ano 2016, deben ser definidos os obxectivos globais do sistema unificado de produtividade, que segundo o grao de execución poden modificar a cantidade destinada a retribuír o complemento de produtividade. Os ditos obxectivos serán ditados mediante resolución de presidencia, despois da negociación cos representantes dos traballadores e traballadoras.

**Disposición transitoria primeira**

A cantidade que se ha distribuír en 2016 é a que se consignou nas seguintes partidas: 0710/929/150.00, 0710/929/150.02, 0710/929/150.01 e 0710/929/150.03, todas elas referidas ao vixente orzamento para 2016, aprobado definitivamente por acordo plenario do 30 de decembro de 2015.

**Disposición transitoria segunda**

Tendo en conta a resolución de presidencia número 1982/2016 do 27 de xaneiro de 2016, en virtude da cal se está anticipando o 50% das cantidades fixadas no acordo plenario do 27 de novembro do 2015, durante o exercicio 2016 aplicaranse os coeficientes correspondentes establecidos no dito acordo plenario.

**Disposición transitoria terceira**

Os obxectivos incluídos nas propostas formuladas conforme á base 1, que fixan as metas para alcanzar asociadas ao prazo temporal dun ano, considéranse vixentes desde o 1 de xaneiro de 2016, xa que recollerán a planificación que realizan os responsables das unidades xunto aos responsables políticos para cada exercicio orzamentario.

**Disposición final**

Estas normas entrarán en vigor ao día seguinte de ser aprobadas polo Pleno provincial, producirán os seus efectos desde o día 1 de xaneiro de 2016 e continuarán en vigor ata que se produza a súa derrogación expresa polo órgano competente."

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

**I.MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA SOBRE A INSTALACIÓN DE VERTEDOIRO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS PROMOVIDA POR GESTORA DE RESIDUOS DEL NOROESTE S.L. NO CONCELLO DE LOUSAME.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado día 10 de outubro de 2016 o pleno do Concello de Lousame aprobou unha moción rexeitando a instalación dun vertedoiro de residuos industriais promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, S.L., por danar os intereses sociais, económicos e medioambientais do concello, das aldeas da contorna inmediata e da comarca.

No mesmo acordo, o pleno declarábase contrario á centralización do almacenamento e xestión de residuos industriais perigosos e non perigosos nese concello, por resultar antieconómico e medioambientalmente obsoleto. A moción aprobada fora proposta a todos os grupos políticos municipais pola Plataforma veciñal contra o novo vertedoiro de residuos industriais en Lousame.

Nas semanas seguintes á aprobación desa moción no Concello de Lousame, diversos colectivos e axentes ambientais, económicos, sociais e políticos manifestaron igualmente o seu rexeitamento a un proxecto que implicaría soterrar nos montes de Lousame, nun hábitat comunitario de interese prioritario situado ao pé do Lugar de Especial Interese Paisaxístico de Monte Culou e do trazado histórico do Camiño de Santiago Inglés pola Ría de Muros-Noia, 770.000 toneladas de residuos industriais

durante un periodo de actividade de 10 anos. O proxecto colocaría ademais en risco ducias de explotacións agrogandeiras na contorna, así como as fontes de auga potable que subministran non só as aldeas máis próximas, mais tamén, a través dos regos que brotan da parcela na que se pretende instalar o vertedoiro, as propias captacións de auga municipais do núcleo urbano de Noia.

Ademais das graves carencias que foron destacadas durante o período de información pública, é evidente que, soterrando máis de 80% dos residuos recibidos na instalación, esta non prioriza o tratamento, senón que opta pola "solución" do vertedoiro, a menos recomendada para a eliminación de residuos, atendendo á Directiva Marco de Residuos vixente 2008/98. Non responde tampouco ás necesidades das comarcas próximas nin da Comunidade Autónoma, pois o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (2016-2022) afirma que existe xa unha capacidade sobredimensionada para o tratamento dos residuos dos que é obxecto o proxecto. Por este mesmo motivo, o Plan establece que "non será posible autorizar máis vertedoiros de residuos non perigosos ata que a capacidade restante sexa igual ou inferior a 694.890 t (na actualidade establecida en 2.786.053 t)".

Os problemas expostos e a preocupación social existente non só no Concello de Lousame, senón que tamén nos das comarcas próximas, cuxas corporacións tamén discutiron o problema en varios casos, xustifican a preocupación da Deputación da Coruña por esta cuestión, e que esta preste todo o seu apoio aos municipios directa ou indirectamente afectados.

Por todo o exposto, os Grupos Provinciais da Marea Atlántica e Compostela Aberta propoñen a este Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. A Deputación da Coruña, sumándose á moción aprobada polo Concello de Lousame o pasado 10 de outubro, manifesta o seu rexeitamento á instalación dun vertedoiro de residuos industriais nese municipio, por carecer de garantías ambientais e non atender ás necesidades reais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Deputación da Coruña ofrecerá os servizos de asistencia xurídica e técnica aos concellos afectados para unha mellor defensa dos intereses comúns das comarcas afectadas. Concretamente, prestarase axuda para un estudo sobre o impacto medioambiental que poda causar este proxecto sobre as augas do río Vilacoba.

3. A Deputación da Coruña solicita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que amplíe o prazo para a presentación de alegacións ao proxecto.

4. A Deputación da Coruña aproba dar traslado deste acordo ás corporacións municipais dos Concellos de Lousame, Rois, Noia e Brión, así como á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

<u>Sra. Delso Carreira</u>

(Le o texto da moción)

Sra. Franco Pouso

Bos días a todos e a todas. Primeiro quero facer dúas mencións e que non se me malinterprete, pero gústame deixar as cousas claras.

Este Goberno da Deputación, compartido entre Partido Socialista e BNG sempre fomentou as declaracións institucionais en canto a temas nos que compartiamos todos un parecer, botamos en falta que nesta ocasión, non sei se por un afán de protagonismo ou porque non tiveran a ben levar esta moción e falala na Xunta de portavoces, e chegar á Xunta de portavoces despois de presentala en Rexistro. Polo tanto, non está de máis reclamar o trato que nós como Goberno, e nós como BNG, facemos ao respecto destes temas, gustaríanos que isto non volva a acontecer posto que se acaban de aprobar dúas declaracións institucionais que demostran con feitos que a actitude deste Goberno é bastante máis aberta.

Tamén quero recalcar que nos alegramos, agardo, porque nalgúns concellos onde xa foi debatida esta proposta o Partido Popular votou a favor, alegrámonos polo tanto de que o PP teña a ben tamén compartir, ou iso espero, compartir a votación a favor da defensa dos intereses do Concello de Lousame en particular pero creo que é outra forma de entender o país.

Alegrámonos e estrañámonos tamén porque xente como o Sr. Santiago Freire, actual alcalde de Noia, ex-alcalde do Concello de Lousame e con responsabilidades no seu momento na Xunta de Galicia por parte do PP, debería non solicitar un aprazamento ou máis amplitude de prazo para presentar alegacións actualmente como alcalde de Noia posto que algúns dos aquí presentes, inclúo creo que no 2010 don Agustín Hernández era conselleiro na Xunta, polo tanto será coñecedor de que xa naquel intre, no ano 2010, houbo unha intentona de facer algo moi similar a iso nun lugar tamén do Monte Iroite na Fonte Cavada, tamén quero facer memoria de que naquel momento iso foi parado pola negativa sobre todo do que é a actual situación da base militar.

O BNG, desde logo, cando se fala de lixo e de tratamento do lixo fala sempre dunha idea de país, falar de idea de país e planear facer este tipo de macrofosas desprende un menosprezo absoluto ao que é a política no rural, desprende tamén un menosprezo aos recursos e ás riquezas das nosas rías e por riba menospreza algo que me temo que dentro de moi poucos anos botaremos en falta que é a calidade das nosas augas potables. Tamén indirectamente menosprézase aos concellos pequenos porque estamos falando, non nos esquezamos, dun concello de tres mil e poucos habitantes.

O BNG sempre apostou, e seguiremos apostando, por outra forma de tratamento do lixo, e quero recordar que na lexislatura 95-99, van alá vinte e moitos anos, nun goberno no Concello de Porto do Son, compartido polo Partido Socialista e BNG nace a mancomunidade de Serra do Barbanza, son vinte anos loitando por facer fincapé en que hai outras fórmulas de reciclar e de tratar o lixo. Quero tamén aclarar que nesa loita compartímola todos os Grupos políticos presentes, no seu momento foi a mancomunidade tutelada polo Partido Socialista, polo PP e polo BNG, e nunca, nunca, ningunha cor política superou o interese do que era sacar a diante a mancomunidade. É un agravio comparativo, despois de levarmos, non vou amentar

outras cousas que son de nova creación, as tres forzas que no seu momento estabamos presentes, que despois de tanto esforzo por demostrar que somos capaces de reciclar e de tratar o lixo doutro xeito diferente, de traer recursos europeos xa hai vinte anos para crear un feito diferenciado, agora preténdase colocar ao lado dun exemplo a seguir algo que para nós desde logo, ao BNG, non nos vale nin en Lousame nin en ningún concello do noso país, polo tanto, loitaremos en Lousame e onde faga falta, cremos que hai que facer políticas novas para buscar outras fórmulas de tratamento.

Quero recordar tamén que no seu momento a mancomunidade, que actualmente ten máis de 150 empregados foi incluso chamada á orde por reciclar máis do que debería, e menciono que algúns dos presentes recordarán o caso do trato que quixo facer de nós como mancomunidade, Ecoembes.

Desde logo non imos deixar que se volva propoñer enriba da mesa outro vertedoiro no Concello de Lousame, nós como forza BNG.

Tamén queremos deixar presente que nós presentamos mocións en todos os concellos da comarca, e onde non temos neste momento acadada representación fixemos propostas de que os concellos e os gobernos municipais presentaran alegacións e tamén, como membros da mancomunidade, solicitámoslle á mancomunidade que comparecera tamén nas alegacións.

Polo tanto, pola nosa banda, creo que os tempos e hai moito tempo que o BNG cre noutro tipo de país e cre noutra fórmula de tratar o lixo, e desde aquí quero tamén transmitir que creo que non se pode poñer ao lado de algo que todos os Grupos políticos presentes na Mancomunidade Serra do Barbanza imos manter a loita que mantivemos sempre cos nosos feitos, non coas nosas verbas.

Creo que non queda nada máis, simplemente solicitarlle novamente ás Mareas e a Compostela Aberta que, a poder ser, tomen exemplo das propostas que fai este Goberno e de que procuremos que estes temas se poñan enriba da mesa unanimemente. Moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bos días, a verdade é que sorprende que a portavoz neste ámbito no BNG soubera cal vai ser a posición deste grupo maioritario da Corporación respecto deste punto, é certo, imos votar favorablemente, pero a verdade é que eu tiña interese en facer algunha reflexión respecto destas cuestións. Gustaríame que todos tivéramos prudencia cando adoptamos acordos desta natureza, posto que o que é evidente é que calquera Administración, e aquí hai grupos que están no Goberno, que poden estar na oposición en diferentes administracións, estamos na oposición, grupos que estamos no Goberno noutras administracións, e obviamente todas as administracións parten da obriga de tramitar aqueles expedientes que chegan de acordo coa Lei e de acordo coa normativa vixente en cada momento. Obviamente tamén é lexítimo que desde os diferentes Grupos políticos, desde os diferentes partidos, fagamos as modificacións no ámbito legal, no ámbito da planificación, que permitan dirixir a acción do goberno nun sentido determinado, pero o que non podemos é, dalgún xeito, conminar os funcionarios a que rematen un expediente dunha forma diferente a como

marca a normativa. Nese sentido obviamente, tendo en conta que esta moción respecta ese ámbito, digamos, de tramitación no seo da Consellería de Medio Ambiente, neste caso da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, non temos nada en contra de posicionarnos en contra, valla a redundancia, desta instalación.

Gustaríame tamén poñer en valor o traballo da Alcaldesa de Lousame que o pasado día 10, é certo, do mes de outubro, levou ao Pleno dese Concello, se non teño mal os datos, unha moción similar, e o Grupo maioritario nese Concello abstívose como consecuencia precisamente de que tamén creo que nesta vida o que temos é que ser serios e tentar recabar os datos necesarios para ter un criterio que permita tomar a decisión máis axeitada, neste caso a alcaldesa de Lousame solicitou en tempo e forma os informes pertinentes, e unha vez recabado ese informe, que clarisimamente manifesta os prexuízos que pode ocasionar esta instalación, non soamente no ámbito do Concello de Lousame, senón tamén en toda a bisbarra, amosou e manifestou publicamente o seu rexeitamento a esa instalación.

En segundo lugar tamén gustaríame facer algunha reflexión respecto do contido da propia moción, resulta cando menos curioso que o segundo punto diga exactamente que a Deputación da Coruña ofrecerá os servizos de asistencia xurídica e técnica aos concellos afectados, porque tanto a Lei reguladora das bases de réxime local como a Lei de administración local de Galicia xa lle atribúen á Deputación provincial a competencia sobre a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, co cal o que estamos a facer nese segundo punto é dicir algo obvio, pero en todo caso nós tamén loxicamente votamos a favor aínda que sexa obvio.

E por último, a verdade é que non tiña interese en entrar en debate coa compañeira do BNG, pero a verdade é que falar da política do lixo do BNG en Galicia, é que iso é curioso para os que temos un pequeno percorrido pola política medioambiental en Galicia, falar de que o BNG fala do lixo en termos de país é curioso. O BNG o que fai, e temos o exemplo de Pontevedra, é utilizar SOGAMA, criticar SOGAMA e non pagar SOGAMA, por certo, que aínda que estea lonxe e sexa outra provincia, para os que non o saiban, esa broma de Pontevedra coas facturas de SOGAMA o que aconteceu é que perdeu na xustiza e tivo un sobrecusto para os veciños e veciñas de Pontevedra de polo menos, ata o de agora, 300.000 euros. Esa é a política do lixo do BNG, moitas grazas e máis nada.

<u>Sra. Franco Pouso</u>

Mire, voulle contestar. Non son adiviña, xa me gustaría ser meiga, tampouco me importaba. De todos modos voulle dicir unha cousa e que soprenderíame que pasara nesta Deputación o mesmo que pasa cando votan vostedes no Parlamento Galego e logo van a Madrid e cambian o voto, porque eu claro, foi por dedución, a min de pequena ensináronme que se tropezas moitas veces no mesmo sitio, acabas caendo, entón como vostedes en Lousame tomaron unha opción, en Noia tamén e en Brión tamén, non agardaba menos de vostedes que aquí polo menos, aínda que só sexa por tren de proximidade, votaran o mesmo.

E por outro lado, eu creo que cando queira tamén, só ten que darme un pouquiño de tempo porque eu non fun conselleira de Medio Ambiente, pero se me da algo de tempo poderiamos falar tamén e debater do que vostede queira de Pontevedra e do proxecto que fai o BNG respecto do lixo, pero vostedes deberían calar a boquiña cando acaban en funcións de volver renovarlle un contrato a EMCE porque non hai merda máis grande nin contaminante máis grande que estea anulando a capacidade de produción dun sector, como é o mar, grazas a privatizar. Polo tanto, mire, de verdade, non me quero exceder na exposición, e o que máis me agrada e que parece ser que por unha vez estamos todos de acordo, que é o máis importante, ao final iso é o que importa, que todos concordemos en que non se debe de facer o que se estaba intentando executar no Concello de Lousame, e repito, por segunda vez, é a segunda intentona, agardemos non estar tratando iso por terceira vez. Grazas.

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

**"MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA SOBRE A INSTALACIÓN DE VERTEDOIRO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS PROMOVIDA POR GESTORA DE RESIDUOS DEL NOROESTE S.L. NO CONCELLO DE LOUSAME.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado día 10 de outubro de 2016 o pleno do Concello de Lousame aprobou unha moción rexeitando a instalación dun vertedoiro de residuos industriais promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, S.L., por danar os intereses sociais, económicos e medioambientais do concello, das aldeas da contorna inmediata e da comarca.

No mesmo acordo, o pleno declarábase contrario á centralización do almacenamento e xestión de residuos industriais perigosos e non perigosos nese concello, por resultar antieconómico e medioambientalmente obsoleto. A moción aprobada fora proposta a todos os grupos políticos municipais pola Plataforma veciñal contra o novo vertedoiro de residuos industriais en Lousame.

Nas semanas seguintes á aprobación desa moción no Concello de Lousame, diversos colectivos e axentes ambientais, económicos, sociais e políticos manifestaron igualmente o seu rexeitamento a un proxecto que implicaría soterrar nos montes de Lousame, nun hábitat comunitario de interese prioritario situado ao pé do Lugar de Especial Interese Paisaxístico de Monte Culou e do trazado histórico do Camiño de Santiago Inglés pola Ría de Muros-Noia, 770.000 toneladas de residuos industriais durante un periodo de actividade de 10 anos. O proxecto colocaría ademais en risco ducias de explotacións agrogandeiras na contorna, así como as fontes de auga potable que subministran non só as aldeas máis próximas, mais tamén, a través dos regos que brotan da parcela na que se pretende instalar o vertedoiro, as propias captacións de auga municipais do núcleo urbano de Noia.

Ademais das graves carencias que foron destacadas durante o período de información pública, é evidente que, soterrando máis de 80% dos residuos recibidos

na instalación, esta non prioriza o tratamento, senón que opta pola "solución" do vertedoiro, a menos recomendada para a eliminación de residuos, atendendo á Directiva Marco de Residuos vixente 2008/98. Non responde tampouco ás necesidades das comarcas próximas nin da Comunidade Autónoma, pois o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (2016-2022) afirma que existe xa unha capacidade sobredimensionada para o tratamento dos residuos dos que é obxecto o proxecto. Por este mesmo motivo, o Plan establece que "non será posible autorizar máis vertedoiros de residuos non perigosos ata que a capacidade restante sexa igual ou inferior a 694.890 t (na actualidade establecida en 2.786.053 t)".

Os problemas expostos e a preocupación social existente non só no Concello de Lousame, senón que tamén nos das comarcas próximas, cuxas corporacións tamén discutiron o problema en varios casos, xustifican a preocupación da Deputación da Coruña por esta cuestión, e que esta preste todo o seu apoio aos municipios directa ou indirectamente afectados.

Por todo o exposto, os Grupos Provinciais da Marea Atlántica e Compostela Aberta propoñen a este Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. A Deputación da Coruña, sumándose á moción aprobada polo Concello de Lousame o pasado 10 de outubro, manifesta o seu rexeitamento á instalación dun vertedoiro de residuos industriais nese municipio, por carecer de garantías ambientais e non atender ás necesidades reais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Deputación da Coruña ofrecerá os servizos de asistencia xurídica e técnica aos concellos afectados para unha mellor defensa dos intereses comúns das comarcas afectadas. Concretamente, prestarase axuda para un estudo sobre o impacto medioambiental que poda causar este proxecto sobre as augas do río Vilacoba.

3. A Deputación da Coruña solicita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que amplíe o prazo para a presentación de alegacións ao proxecto.

4. A Deputación da Coruña aproba dar traslado deste acordo ás corporacións municipais dos Concellos de Lousame, Rois, Noia e Brión, así como á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio."

**II.MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA PARA A PARALIZACIÓN DA LOMCE E AS REVÁLIDAS.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

Na actualidade, existe unha ampla demanda entre a comunidade educativa e as organizacións sociais, políticas, de nais e pais, así como de estudantes, a respecto da paralización das medidas contidas na Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa, ao tempo que esixen "un acordo que evite o aumento do fracaso escolar e restitúa a democracia nos centros e a equidade no sistema educativo". É imprescindible frear canto antes o aumento do fracaso escolar, a segregación temperá e a expulsión do alumnado con máis dificultades e menos recursos dos centros escolares.

A LOMCE foi aprobada, no ano 2013, cunha ampla contestación e entre queixas pola falla de consenso na súa redacción e tramitación. Trátase dunha lei centralizadora, clasista e sexista, que pretende mercantilizar a educación e recuperar un modelo educativo xa superado, regresivo, confesional, e autoritario. Non pretende mellorar, ao contrario do que afirma no seu título, a calidade educativa, senón –como afirma na súa frase inicial- a competitividade da economía, esquecendo a relevancia dos procesos de ensino – aprendizaxe.

O actual contexto político –sen maiorías claras no Congreso dos Deputados- abre unha oportunidade para a súa revisión, modificación ou mesmo derogación, e cando menos, á eliminación dalgún dos aspectos máis polémicos.

A instauración de reválidas e avaliacións finais de etapa actúa como elemento segregador dos currículos educativos, xa que en cuarto da ESO divide ás alumnas e alumnos en dúas categorías, seleccionando a aqueles que poderán estudar bacharelato, e os demais, que serán dirixidos cara a FP, sen ter en conta a incidencia entre o estudantado de posibles dificultades de aprendizaxe ou doutra índole.

Así, as rapazas e rapaces do noso sistema educativo se enfrontan, con 15 e 16 anos, a unha proba "obxectiva" que non ten en conta as súas características intelectuais, persoais, sociais, ou económicas, na que non teñen marxe de erro, e que pode marcar o seu futuro a nivel formativo. Ademais de supoñer unha presión psicolóxica a unha idade temprana, esquece o principio pedagóxico de avaliación contínua, e se limita a determinadas áreas de coñecemento, desprezando outras habilidades, destrezas e competencias.

Estas avaliacións condicionan a actividade educativa, deslexitimando ao persoal docente; degradando os contidos –só se estuda o que se examina e o tempo se centra na preparación de exames-; xerando un importante custe na realización de probas externas, tanto para os centros como para as familias que se vén obrigadas a recorrer a academias para a preparación das probas; e introducindo un ambiente competitivo e segregador entre os centros, en lugar de fomentar a cooperación e o traballo en rede.

A LOMCE tamén arrebatou as competencias dos consellos escolares, impoñendo un modelo de xestión empresarial da educación, e recurtando as súas funcións ata a súa conversión en entes consultivos, arruinando así o funcionamento democrático e participativo nos centros educativos, o que contradí o artigo 27 da Constitución. Tamén anula a independencia dos directores e directoras, xa que a Lei impón un modelo de nomeamento que facilita a destitución de direccións críticas e a imposición de afíns.

Dentro das medidas urxentes que se deben tomar para mellorar realmente o sistema educativo, ademais de plantexar aquelas que apostan pola equidade –como acordar que non debe haber nin un recorte máis na escola pública, e reverter os xa feitos; apostar pola universalización da educación infantil pública; situar a inclusión como prioridade; restituír os servizos complementarios de comedores e transporte; e reverter os recortes en profesorado- é preciso eliminar o instrumento das reválidas.

Polo exposto, o Grupo Provincial de Compostela Aberta presenta ante este Pleno a seguinte proposta de ACORDO:

A Deputación provincial de A Coruña:

1. Insta á Xunta de Galicia, como administración competente en materia educativa, a eliminar a celebración de reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.

2. Insta á Xunta de Galicia e aos grupos políticos do Congreso dos Deputados e do Parlamento Galego a solicitar ao Goberno do Estado a derogación da LOMCE.

3. Insta á Xunta de Galicia a defender as competencias propias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país.

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. presidente, bo día compañeiros e compañeiras de Corporación. Antonte miles de mozos e mozas de Galicia e do conxunto do Estado, xunto cos representantes da comunidade educativa, pais e nais, profesorado, representantes das organizacións políticas, coa única excepción do Partido Popular, participamos nas distintas mobilizacións convocadas, unha vez máis, en contra da LOMCE, máis coñecida como a lei Wert, antes de que o ministro que a impulsou pasara a un retiro dourado en París, ou se se quere, mellor dito, quizais un regalo de voda polos servizos prestados.

Uns días antes destas mobilizacións os Grupos provinciais de Marea Atlántica e de Compostela Aberta rexistramos o contido da moción que teñen nas súas mans e que agora votaremos. Con anterioridade mocións similares aprobáronse noutras institucións, nomeadamente concellos, cos votos favorables do BNG, do PSOE, e de diversas Mareas municipalistas, entre outras organizacións, agás, como dixemos, o Partido Popular.

Todos os Grupos do Congreso dos Deputados, antes das eleccións, comprometéranse publicamente a derrogar a lei e proceder a paralizar o calendario de aplicación e as reválidas previstas, toda a oposición agás, unha vez máis, creo recordar, o Partido Popular, UPyD e o Foro Asturias, todos eles cualificaron a lei Wert como insolidaria e elitista, e no seu acordo parlamentario comprometéronse publicamente a derrogala.

Na sesión de investidura que se está a producir nestes días no Congreso o propio Mariano Rajoy ofreceu a posibilidade de avanzar, cara ao que denominan, xunto con Ciudadanos, un pacto nacional pola educación, que en principio non pasaría pola derrogación da LOMCE, senón simplemente do que denominan os seus “efectos académicos”, ata a aprobación por acordo, confiamos, dunha nova lei que substitúa a anterior pero froito do diálogo e da negociación coa comunidade educativa

e os seus representantes, cousa que non se fixo coa lei Wert que foi o resultado da imposición da maioría absoluta do Partido Popular.

O anuncio de onte de Mariano Rajoy e do seu ministro de Educación en funcións, non significa nin a derrogación da lei, nin sequera das reválidas, mantéñense sen efectos académicos, cuestionando así a avaliación do propio profesorado e privatizando un servizo público. Mentres tanto, a incerteza para o alumnado e familias persiste.

Co que vimos de comentar non negamos que existan no noso sistema educativo indicadores preocupantes aos que temos a obriga de dar unha resposta satisfactoria, que non necesitemos mellorar significativamente a calidade, evitar os índices de fracaso e de absentismo, recuperar a democracia nos centros escolares, avanzar aínda máis na equidade, frear a segregación e a expulsión do sistema educativo do alumnado precisamente aquel que ten máis dificultades e con menos recursos, un número que lamentablemente vai en aumento como consecuencia da crise e das políticas neoliberais impostas nos últimos anos.

Como saben a LOMCE foi aprobada en 2013, como dixemos, co rolo parlamentario do Partido popular, sen diálogo e sen consenso, contestada desde o primeiro momento por toda a comunidade educativa, practicamente de maneira unánime. Son moitos os expertos que a consideran unha lei recentralizadora, invasora das competencias plenas en materia educativa das comunidades autónomas, como a de Galicia. Unha lei clasista, segregacionista, que pretende recuperar ademais un modelo educativo anacrónico como o que algúns vivimos e sufrimos, o das reválidas de cuarto, de sexto, ou o selectivo, así coñecido no seu momento, para acceder á universidade, as persoas de máis idade desta Cámara, seguro que o lembran.

A LOMCE, contrariamente ao que afirma non busca a mellora de calidade do ensino, esa non é a súa prioridade, nin tampouco a da OCDE, a quen segue, dío no seu inicio moi claramente cando manifesta como obxectivo preferente incrementar a competitividade da economía, buscando obsesivamente mellorar os resultados dos informes PISA esquecendo aspectos tan relevantes desde o punto de vista pedagóxico como son os procesos de ensino e aprendizaxe. As coñecidas como reválidas, sábeno moi ben os que as sufriron, deslexitiman o labor das equipas docentes, sementan unha sombra de dúbida sobre a avaliación continua e as propias avaliacións realizadas polo profesorado, segregan e condicionan nunha proba o futuro do alumnado a unhas idades moi temperás. Son probas externas que están privatizadas, que incrementan ese ambiente privatizado e competitivo entre os centros escolares. Mellorar o sistema educativo significa apoiar activamente a equidade, frear os recortes económicos e de persoal, restituír ao profesorado expulsado do sistema, universalizar a educación infantil pública, fomentar a inclusión, restituír os servizos complementarios, aspectos que a lei Wert nin considera.

Por todo o exposto, os Grupos de Marea Atlántica e de Compostela Aberta, solicitan o seu voto favorable para os tres puntos de carácter resolutivo que figuran na proposta da moción, confiamos e agradecemos o seu apoio. Moitas grazas.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 13 deputados (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

**"MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA PARA A PARALIZACIÓN DA LOMCE E AS REVÁLIDAS.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

Na actualidade, existe unha ampla demanda entre a comunidade educativa e as organizacións sociais, políticas, de nais e pais, así como de estudantes, a respecto da paralización das medidas contidas na Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa, ao tempo que esixen "un acordo que evite o aumento do fracaso escolar e restitúa a democracia nos centros e a equidade no sistema educativo". É imprescindible frear canto antes o aumento do fracaso escolar, a segregación temperá e a expulsión do alumnado con máis dificultades e menos recursos dos centros escolares.

A LOMCE foi aprobada, no ano 2013, cunha ampla contestación e entre queixas pola falla de consenso na súa redacción e tramitación. Trátase dunha lei centralizadora, clasista e sexista, que pretende mercantilizar a educación e recuperar un modelo educativo xa superado, regresivo, confesional, e autoritario. Non pretende mellorar, ao contrario do que afirma no seu título, a calidade educativa, senón –como afirma na súa frase inicial- a competitividade da economía, esquecendo a relevancia dos procesos de ensino – aprendizaxe.

O actual contexto político –sen maiorías claras no Congreso dos Deputados- abre unha oportunidade para a súa revisión, modificación ou mesmo derogación, e cando menos, á eliminación dalgún dos aspectos máis polémicos.

A instauración de reválidas e avaliacións finais de etapa actúa como elemento segregador dos currículos educativos, xa que en cuarto da ESO divide ás alumnas e alumnos en dúas categorías, seleccionando a aqueles que poderán estudar bacharelato, e os demais, que serán dirixidos cara a FP, sen ter en conta a incidencia entre o estudantado de posibles dificultades de aprendizaxe ou doutra índole.

Así, as rapazas e rapaces do noso sistema educativo se enfrontan, con 15 e 16 anos, a unha proba "obxectiva" que non ten en conta as súas características intelectuais, persoais, sociais, ou económicas, na que non teñen marxe de erro, e que pode marcar o seu futuro a nivel formativo. Ademais de supoñer unha presión psicolóxica a unha idade temprana, esquece o principio pedagóxico de avaliación contínua, e se limita a determinadas áreas de coñecemento, desprezando outras habilidades, destrezas e competencias.

Estas avaliacións condicionan a actividade educativa, deslexitimando ao persoal docente; degradando os contidos –só se estuda o que se examina e o tempo se centra na preparación de exames-; xerando un importante custe na realización de probas externas, tanto para os centros como para as familias que se vén obrigadas a recorrer a academias para a preparación das probas; e introducindo un ambiente competitivo e segregador entre os centros, en lugar de fomentar a cooperación e o traballo en rede.

A LOMCE tamén arrebatou as competencias dos consellos escolares, impoñendo un modelo de xestión empresarial da educación, e recurtando as súas funcións ata a súa conversión en entes consultivos, arruinando así o funcionamento democrático e participativo nos centros educativos, o que contradí o artigo 27 da Constitución. Tamén anula a independencia dos directores e directoras, xa que a Lei impón un modelo de nomeamento que facilita a destitución de direccións críticas e a imposición de afíns.

Dentro das medidas urxentes que se deben tomar para mellorar realmente o sistema educativo, ademais de plantexar aquelas que apostan pola equidade –como acordar que non debe haber nin un recorte máis na escola pública, e reverter os xa feitos; apostar pola universalización da educación infantil pública; situar a inclusión como prioridade; restituír os servizos complementarios de comedores e transporte; e reverter os recortes en profesorado- é preciso eliminar o instrumento das reválidas.

Polo exposto, o Grupo Provincial de Compostela Aberta presenta ante este Pleno a seguinte proposta de ACORDO:

A Deputación provincial de A Coruña:

1. Insta á Xunta de Galicia, como administración competente en materia educativa, a eliminar a celebración de reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.

2. Insta á Xunta de Galicia e aos grupos políticos do Congreso dos Deputados e do Parlamento Galego a solicitar ao Goberno do Estado a derogación da LOMCE.

3. Insta á Xunta de Galicia a defender as competencias propias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país."

ROGOS E PREGUNTAS

<u>Sr. Hernández Fernández de Rojas</u>

A vedade é que é un tema menor, pero gustaríame formular este rogo dirixido a través do presidente aos servizos técnicos competentes da deputación. E ao respecto, e con motivo dunha das visitas que fixo o presidente a un dos concellos da

provincia, obviamente nós valoramos que o presidente teña tempo e dedique parte da súa Presidencia a visitar os concellos e comprometer actuacións, pero en todo caso nós desexaríamos que eses compromisos despois tiveran traslado á realidade especialmente cando, aparentemente, é un tema de envergadura menor, estamos a falar dunha situación respecto dunha obra executada pola Deputación na avenida de Toques no concello de Melide, o presidente estivo no Concello de Melide nunha visita institucional onde comprometeu diferentes actuacións, e a propia alcaldesa trasladoulle ao presidente os problemas que xeraba o remate dunha obra, exactamente da obra de pavimentación nesa avenida de Toques.

Pasou o tempo e ninguén pasou polo concello, ninguén tivo, digamos, preocupación de tentar arranxar eses problemas, e aínda que sexa un tema de carácter menor, solicito que a Presidencia dea as instrucións para resolver este tema que, insisto, creo que é de fácil arranxo. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.